



1 Obxectivo

Os recursos educativos de Polos creativos do CFR de Pontevedra teñen por obxecto facilitar as actividades formativas do profesorado. Por esta razón a orde de prioridade no seu uso é:

- Cursos organizados polo CFR de Pontevedra.
- Formación relacionada con Polos creativos dentro de PFPP, GT e Seminarios en centros organizada polo CFR de Pontevedra.
- Outras actividades formativas en centros educativos organizadas polo CFR de Pontevedra.
- Os centros que sexan Polos de primeiro ano terán preferencia sobre centros que sexan Polos plus.

2 Solicitude

Para solicitar un recurso debemos seguir os seguintes pasos:

- Accedemos á Aula Virtual do CFR de Pontevedra e prememos no icono de préstamo de recursos.
- Seleccionamos o tipo de recursos que precisamos.
- Consultamos a súa dispoñibilidade no calendario.
- Cubrimos e enviamos o formulario de solicitude.
- Esperamos a que dende o CFR de Pontevedra nos confirmen a dispoñibilidade do recurso.
- Coa folla de recollida cuberta e na data confirmada polo CFR, recollemos o recurso.

3 Compromisos

Cando o profesor/a solicitante recolla os recursos, levará unha copia asinada e selada da folla de recollida coa que se compromete a:

- Custodiar, xestionar, configurar e manter o recursos recollidos nas condicións nas que se lle entregan.
- Retornar o recurso ao CFR no prazo máximo de 48 horas se así se lle require por motivos de necesidades de uso noutras actividades de máis prioridade.
- Devolver o recurso ao CFR no prazo máximo indicado na folla de recollida.
- Facer un uso responsable e educativo do recurso de acordo co expresado na solicitude.